

## **INSTRUCCIÓN V/2011 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos/ás traballadores/as as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez negociado co Comité Intercentros, a xerenta, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 9 de xullo de 2010 (DOG do día 6 de agosto), dispón:

### **1) SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO**

O impreso de solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2011, cubrirase e presentárase persoalmente no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (Servizos Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

Os postos de traballo con dereito a prenda de traballo relaciónanse no anexo á presente instrución.

### **2) PRAZO DE SOLICITUDE**

O prazo de solicitude será durante os meses de maio e xuño do presente ano en horario de 9 a 14.

### **3) PROCEDEMENTO**

**3.1** Ao/Á traballador/a entregaráselle un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.

**3.2 Os/As traballadores/as destinados/as en Santiago**, deberán acudir co resgardo á Empresa Concesionaria: VESLA, S.L., Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado e **os/as destinados/as en Lugo** serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.

**3.3** O/A traballador/a entregaralle o resgardo asinado á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do/da traballador/a solicitante.

#### **4) OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO**

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

#### **5) FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA**

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos/as traballadores/as e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2011

**A xerenta**

  
María Lourdes Batán Aira